

A política de calidade, innovación e seguridade do paciente

Área Sanitaria de Vigo

A política de calidade, innovación e seguridade do paciente da Área Sanitaria de Vigo baséase nun modelo de xestión integral desenvolvido a partir dos principios de equidade e humanización na atención e a eficacia e eficiencia dos procesos, co fin de satisfacer as necesidades de saúde da nosa poboación de referencia a través da mellora continua da actividade asistencial, a innovación e o compromiso coa seguridade dos pacientes.

Consecuentemente, a Dirección da Área Sanitaria de Vigo, como responsable de despregar esta estratexia a través da organización, comprométese a facilitar, fomentar e promover no ámbito das súas responsabilidades, os seguintes principios:

1 | Calidade, innovación e seguridade do paciente como enfoque estratéxico

A calidade, innovación e seguridade dos pacientes determínase como enfoque estratéxico, promovendo na organización unha cultura de xestión baseada na busca da eficiencia e as mellores prácticas, tendo en conta a seguridade do paciente, minimizando os riscos de eventos adversos ou evitando os mesmos, cumprindo os requisitos legais e regulacións aplicables aos seus procesos.

A prestación asistencial réxese pola garantía de accesibilidade, equidade, seguridade e efectividade, mediante a aplicación dos estándares de calidade e a mellor evidencia científica dispoñible, e a mellora continua como fundamento da xestión sanitaria, orientada sempre á excelencia.

2 | Profesionais como compoñente esencial

Considerar os recursos humanos como o compoñente esencial e fundamental para lograr os obxectivos establecidos, desenvolvendo todas as súas capacidades a través da súa implicación, motivación e participación.

3 | Estruturas profesionais corporativas para o soporte e desenvolvemento da política

Desenvolver as estruturas profesionais corporativas necesarias no ámbito da calidade, innovación e seguridade de pacientes, para o seu liderado, coordinación, impulso e xestión, dotándoas dos recursos necesarios para o despregue da súa actividade.

4 | Plan de Calidade, Innovación e Seguridade dos pacientes único e integral.

Deseñar e implantar un Plan de Calidade, Innovación e Seguridade dos pacientes único e integral, orientado a satisfacer as necesidades e expectativas dos pacientes/usuarios e profesionais, aliñado coas perspectivas estratéxicas de calidade, innovación e seguridade do Servizo Galego de Saúde.

5 | Mellora continua e innovación como motor cara á excelencia

Deseñar accións de mellora e innovación asistencial en aspectos de seguridade, eficiencia, adecuación, accesibilidade, continuidade asistencial e humanización, coa participación dos profesionais e dos cidadáns, fomentando unha cultura de mellora continua e de comunicación na organización.

6 | Potenciar a implantación de Sistemas de Xestión da Calidade

Facilitar as ferramentas e recursos que sexan custe/efectivos para a implantación de sistemas de xestión da calidade e seguridade baseados en normas e estándares recoñecidos, tanto nos servizos clínicos como nas áreas de xestión ou apoio.

7 | Integrar os distintos niveles asistenciais

Traballar na integración dos distintos niveles asistenciais, fomentando a comunicación e o uso das novas tecnoloxías, a fin de conseguir unha asistencia accesible, áxil e eficaz.

8 | Uso de novas tecnoloxías como ferramenta de innovación na mellora de procesos, información e comunicación

Promover o desenvolvemento e a aplicación de novas tecnoloxías para a mellora na axilidade e seguridade dos procesos, así como ferramenta de comunicación con pacientes/usuarios e profesionais, facilitando o acceso á información vinculada á atención sanitaria.

9 | Cumprimento dos requisitos aplicables

O compromiso de cumprir con todos os requisitos aplicables para o desenvolvemento da actividade, a comunicación dos incidentes e eventos adversos ás partes interesadas e o establecemento de indicadores de control.

10 | Comunicación e formación elemento primordial.

A comunicación e formación na cultura de calidade, innovación e seguridade dos pacientes, así como na xestión de riscos, é fundamental en toda a organización, xa que todos e cada un dos profesionais da área, sexa cal sexa o seu campo de actuación, teñen a obriga de coñecer, cumprir e manter a política de calidade e seguridade de pacientes da Área Sanitaria de Vigo.

O contido desta Política de Calidade, Innovación e Seguridade de Pacientes, será coñecido e divulgado a todos os profesionais da Área Sanitaria de Vigo, co fin de fomentar a súa motivación e implicación e acadar a implantación da cultura de calidade, innovación e seguridade de pacientes en toda a organización.

A Dirección comprométese a facilitar os recursos necesarios á súa disposición, para levar a cabo esta Política, así como revisar e actualizar periodicamente este documento co fin de garantir a súa adecuación aos obxectivos xerais da Área Sanitaria de Vigo.

Francisco Javier Puente Prieto
Xerente
Área Sanitaria de Vigo

| Control Modificacións | | |
|-----------------------|---|------------|
| N.º edición | Descrición da modificación | Data |
| 00 | Edición inicial | 04/11/2014 |
| 01 | Actualízase a Política de Calidade | 10/10/2016 |
| 02 | Actualízase e incorpórase o enfoque integral: Calidade + Seguridade Paciente + Innovación | 08/10/2021 |

